

### IV CONCURSO DE MARCAPÁXINAS

O Concello do Pereiro de Aguiar, a través da Área de Cultura e da Biblioteca Municipal convoca o “**IV CONCURSO DE MARCAPÁXINAS**”, para conmemorar o Día do Libro o próximo 23 de abril.

**1. Participantes:** Nenos e nenas de entre 3 e 15 anos.

Estableceranse tres categorías:

- De 3 a 6 anos.
- De 7 a 10 anos.
- De 11 a 15 anos.

A participación no concurso implica a aceptación das bases.

**2. Formato:** O marcapáxinas a presentar deberá ter unhas medidas de 5x20cm e o deseño realizarase por unha das caras. Pola parte traseira, levará o pseudónimo que identifique o traballo e a idade.


**3. Presentación:** Os traballos presentaranse de xeito presencial na Biblioteca, de luns a venres de 9.45h. a 13.30 h. ou de 16.00 a 19.45 h.

Xunto co marcapáxinas, entregaranse nun sobre pechado os datos identificativos, nome e apelidos, idade e número de teléfono. Por fora levará o pseudónimo que se corresponderá co que aparece no marcapáxinas.

Poderanse presentar un máximo de 2 marcapáxinas por participante.

**4. Prazo de presentación:** O prazo comeza no momento de publicación das bases, e remata o 12 de abril.

**5. Dereitos de propiedade.** Cada participante cede tódolos dereitos en relación co traballo realizado e presentado ao Concello do Pereiro de Aguiar. Do mesmo xeito cédense os dereitos de manipulación, edición, exposición e reprodución das imaxes.





## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

6. **Selección dos marcapáxinas gañadores:** Á hora de valorar, os membros do xurado terán en conta a orixinalidade, a imaxinación, a estética do marcapáxinas, a técnica e a variedade de materiais empregados así como o resultado final.
7. **Xurado e fallo:** O xurado será elixido pola organización, e o fallo emitirase o día 19 de abril. Os gañadores do concurso comunicaranse mediante vía telefónica aos interesados e a través da web e das redes oficiais do Concello.  
  
O xurado escollerá 18 marcapáxinas gañadores en total, 6 por categoría.
8. **Premios:** Os traballos seleccionados serán impresos e repartidos nos colexios e tamén estarán dispoñibles para todos os usuarios da Biblioteca Pública do Pereiro de Aguiar.  
  
Todos os nenos e nenas recibirán ademáis un diploma de participación.
9. **Máis información:** Calquera información ou aclaración, no enderezo electrónico [cultura@concellopereiro.com](mailto:cultura@concellopereiro.com) ou no teléfono 988 259 839.

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde.

Luís Menor Pérez

---

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

